



DATOS IDENTIFICATIVOS

Actividades Formativas Tutorizadas

Materia	Actividades Formativas Tutorizadas			
Código	V11M162V01105			
Titulación	Máster Universitario en Investigación en Química e Química Industrial			
Descritores	Creditos ECTS 3	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre An
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Química Física Química orgánica			
Coordinador/a	Iglesias Antelo, María Beatriz Pastoriza Santos, Isabel			
Profesorado	Iglesias Antelo, María Beatriz Pastoriza Santos, Isabel			
Correo-e	bantelo@uvigo.es pastoriza@uvigo.es			
Web	http://www.usc.es/gl/centros/quimica/materia.html?materia=129471			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o estudiantado realice un conxunto de actividades de carácter transversal, que lle permitan reforzar as súas habilidades comunicativas sobre os avances, innovacións e investigacións relacionados coa Química. Así como poñer en práctica e mellorar a súa utilización das ferramentas de presentación dos resultados do seu traballo.			

Competencias

Código				
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoitado nun contexto de investigación.			
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.			
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.			

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Ser capaz de realizar intercambio de coñecementos, críticas e debatir sobre avances, innovacións e/ou investigacións relacionadas coa Química.	A4
Ser capaz de demostrar coñecementos profundos acerca dos avances científicos, das técnicas recentes e da instrumentación relacionadas coa Química.	A1 A5
Ser capaz de utilizar as ferramentas necesarias para a presentación oral e escrita dos resultados dos seus traballos.	A4

Contidos

Tema		
Cursos, seminarios e conferencias sobre temas avanzados en Química	Impartidos por especialistas nacionais e internacionais de acreditada solvencia no ámbito da Química, con obxecto de proporcionar ao alumnado unha visión global e actualizada dos aspectos máis novedosos e os avances máis significativos no ámbito do título de Máster.	

Simposio científico	<p>Conferencias invitadas, impartidas por conferenciantes relevantes no seu campo de traballo.</p> <p>Comunicacións orais, nas que o estudiantado presentará os aspectos máis relevantes da investigación ou do traballo profesional realizado ao longo do curso académico, e que deberá de estar relacionado co proxecto do Traballo de Fin de Master (TFM), cunha estrutura similar a éste (obxectivos, resultados, conclusións).</p> <p>En función da dispoñibilidade, deixase aberta a posibilidade de realizar sesións de carteis, nas que cada estudante presentará un cartel relativo ao tema do seu TFM.</p>
Outras actividades obrigatorias	<p>Poderán realizarse visitas a empresas relacionadas cos contidos do Máster, en función dos recursos económicos dispoñibles, co obxectivo de conectar os contidos académicos coa realidade industrial e a investigación na industria.</p> <p>Tamén se poderán organizar seminarios e/ou obradoiros de temática diversa.</p> <p>NOTA: Algúns dos contidos da materia están suxeitos á dispoñibilidade de recursos humanos e medios materiais, polo que pode ser necesario axustalos ás circunstancias particulares de cada centro. Isto se levará a cabo coa suficiente antelación para garantir a adquisición das competencias da materia por parte do alumnado, e lle será adecuadamente comunicado.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	12	20	32
Eventos científicos	16	27	43

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Organizaranse conferencias, obradoiros e/ou cursos de temáticas diversas. As metodoloxías da materia están suxeitas á dispoñibilidade de recursos humanos e medios materiais, polo que pode ser necesario axustalos ás circunstancias particulares de cada centro. Isto se levará a cabo coa suficiente antelación para garantir a adquisición das competencias da materia por parte do alumnado, e lles será adecuadamente comunicado.
Eventos científicos	Simposio científico do Máster que se celebra cada curso académico nunha das universidades participantes no título.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Asistencia e participación (20%). Avaliación continua mediante preguntas e cuestións orais e/ou entrega de informes (30%).	50	A1 A5
Eventos científicos	Realización de traballos escritos (20%). Exposición oral (30%).	50	A1 A4

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia o estudante terá que ser avaliado como mínimo cunha cualificación de 5 sobre un máximo de 10 puntos. Adicionalmente, deberá:

- Ter participado no Simposio científico, dacordo coa normativa de participación correspondente.
- Ter asistido a todas as actividades obrigatorias comúns organizadas na súa universidade.
- Ter asistido polo menos a seis actividades optativas, elixidas libremente por el/ela mesmo/a, coa limitación de que deben

estar relacionadas co ámbito da Química, no contexto do Máster. O alumnado deberá entregar ao profesorado da materia na súa universidade un informe, dacordo coa normativa establecida, no que figuren os títulos das conferencias, un resumo de cada unha delas e os correspondentes xustificantes de asistencia debidamente asinados.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Debido ao carácter multidisciplinar da materia non se pode recomendar bibliografía,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Determinación Estrutural Avanzada/V11M162V01103

Procesos Industriais e Sostenibilidade/V11M162V01104

Selección e Validación de Metodoloxías Analíticas/V11M162V01101

Técnicas de Caracterización de Materiais e Bionterfases/V11M162V01102